



## DÚAS TERAPEUTAS OCUPACIONAIS EDITAN O PRIMEIRO CONTO INFANTIL NO MUNDO SOBRE INTEGRACIÓN SENSORIAL

- ***“Arenitas en la Piel” é o primeiro conto da colección SEN7IDOS e relata a historia dunha nena con hipersensibilidade táctil***
- ***O obxecto é visibilizar estas alteracións, que están infradiagnosticadas, e axudar ás familias e aos profesionais***

**Vigo, 5 de outubro de 2021.** Dúas terapeutas ocupacionais do servizo de Rehabilitación da Área Sanitaria de Vigo, Marta Pérez e Paula Madrid, veñen de publicar un conto infantil sobre a hipersensibilidade táctil, “Arenitas en la Piel”.

Trátase do primeiro da colección SEN7IDOS, baseada na integración sensorial, proxecto pioneiro a nivel mundial que nace en Vigo, e en dous meses xa teñen chegado a países como Perú ou Argentina. Segundo explican as súas autoras, “aínda que existen libros científicos sobre a integración sensorial, decidimos escribir un conto para que chegue ás casas de moitos máis nenos e nenas, e visibilizar unha realidade neste formato”.

Con “Arenitas en la Piel” as autoras queren reflectir as dificultades do procesamento sensorial para, entre outras cousas, combater o seu infradiagnóstico e poder realizar unha rápida intervención terapéutica. “Hai moitos profesionais que descoñecen este tipo de alteracións polo que, ás veces, por descoñecemento, non se lles presta a atención necesaria tanto a nivel familiar como escolar. Con este formato pretendemos darlle maior visibilidade, e que as familias e profesionais poidan encontrar explicación a numerosos comportamentos diarios dos nenos, e que saiban que hai expertos, terapeutas ocupacionais formados, para atender esas dificultades”.



Este tipo de alteracións tense incluído nos últimos anos como criterio diagnóstico de TEA (Trastorno de Espectro Autista), pero tamén van moi asociadas a outros diagnósticos e á prematuridade. Por outra parte, hai casos de nenos e nenas que non teñen ningunha dificultade a maiores (nenos típicos) pero presentan obstáculos no





procesamento sensorial que limitan a súa participación nas actividades cotiás, como comer por exemplo, afectando ao rendemento escolar, ao aprendizaxe, ou á atención.

### **Aportar valores**

Este primeiro conto relata a historia de Uxía, unha nena con hipersensibilidade táctil, que sente máis que o resto das persoas as sensacións que lle chegan a través do tacto. Xunto co seu pai, vai pasar o día á praia, onde lle acontecen diferentes situacións. Ao final do conto hai unha explicación moi fácil de entender para familias e profesionais relacionados coa infancia.

Ademais, esta colección tamén pretende aportar valores como o respecto pola natureza e pola infancia, así como os dereitos ao autocoidado familiar e á igualdade (en relación coa perspectiva de xénero).

Hai que subliñar que unha parte fundamental da publicación son as cancións que acompañan á historia. Trátase dun proxecto inclusivo que inclúe ademais un audioconto e un vídeo asinado en LSE (lingua de signos española).

